**EU QUERO RAZO BALDAIO 2021**



Despois do éxito acadado nas anualidades anteriores, ADEGA participa na terceira edición do proxecto “Eu quero Razo - Baldaio”, promovido polo Concello de Carballo e no que participan tamén o grupo Naturalista Hábitat e Senda Nova. Iniciativa que pretende crear hábitos de turismo consciente no noso litoral.

As entidades ambientais que desde fai anos vimos desempeñando unha imprescindible acción de compromiso coa sustentabilidade da nosa costa, sendo interese común a valorización do contorno co obxectivo de que canto mais se coñeza mais se respecte.

Este ano realizaranse algunhas accións coas que pretendemos sensibilizar á poboación da importancia que ten a redución do uso do plástico, estas accións realizaranse sen previo aviso e consistirán en detectar os microplásticos existentes nos areais do mundo e que nos pasan desapercibidos.

Nesta mesma liña está a outra acción prevista, que a complementar a creación das esculturas da “Píllara das Dunas” en vimbio que se realizou na edición 2019, e dun arroaz con plástico reciclado realizada o ano pasado. Este ano iremos un paso mais alá e crearase unha escultura en madeira reciclada de árbores enfermas dos xardíns municipais, deseñado polo artesán carballés Fabián Lage, para poñer en valor un escarabello que está en vías de extinción nos nosos areais.

Todas estas accións serán de libre acceso ata cubrir prazas, previa inscrición na web do Concello, tendo todas as accións un grupos reducidos.

# Programa 2021

A maioría das accións programadas requirirán de preinscrición, xa que van a ser grupos moi reducidos debido á sensibilidade da contorna e o uso sustentable que queremos promover na mesma.

A grande maioría das accións realizaranse todos os mércores e sábados, ademais de algún domingo puntual.

As persoas participantes deberán achegarse polos seus propios medios ao punto onde se desenvolvan as actividades.

## Actuacións coordenadas por ADEGA

# Xullo

Sábado, 3 e Domingo, 4: DESCUBRE AS PEGADAS E OS INDICIOS NOS CAMIÑOS

Mércores, 7: RUTA POLO PATRIMONIO DA COSTA CARBALLESA

Sábado, 10: INAUGURACIÓN DA ESCULTURA EN BALDAIO E SAÍDA A COÑECER A FLORA E FAUNA DAS CONTORNAS DUNARES

Mércores, 14: BALDAIO ESTÁ INVADIDO, AXUDÁDENOS A RECUPERALO

Sábado, 17: LIMPEZA COLECTIVA DAS PRAIAS DE RAZO E BALDAIO

Mércores, 21: RUTA PARA COÑECER RAZO E BALDAIO

Sábado, 24: AS PEDRAS DE CANDO AMÉRICA ESTABA EN CARBALLO

Mércores, 28: A NOITE DAS AVELAIÑAS

Sábado, 31: AXUDA Á RESISTENCIA!!! ELIMINA AS INVASORAS DE CARBALLO

# Agosto

Mércores, 4: FAUNA E FLORA DAS CONTORNAS DUNARES

Sábado, 7: LIMPEZA COLECTIVA DAS PRAIAS DE RAZO E BALDAIO

Sábado, 7: ROTEIRO NOCTURNO POLA EIRA DAS MEIGAS

Sábado, 14: RUTA POLO PATRIMONIO DA COSTA CARBALLESA

Mércores, 18: SAÍDA ORNITOLÓXICA

Sábado, 21: OBRADOIRO DE BIODIVERSIDADE

Mércores, 25: EXPLORA AS POZAS DA PRAIA

Sábado, 28: SAÍDA ORNITOLÓXICA

**14 DE XULLO- BALDAIO ESTÁ INVADIDO, AXÚDANOS A RECUPÉRALO**





17 DE XULLO- LIMPEZA COLECTIVA DAS PRAIAS DE BALDAIO







**21 DE XULLO - RUTA PARA COÑECER RAZO E BALDAIO**







**31 DE XULLO – AXUDA Á RESISTENCIA!!! ELIMINA AS INVASORAS DE CARBALLO**







**07 DE AGOSTO – LIMPEZA COLECTIVA DE PRAIAS RAZO**







**25 DE AGOSTO – EXPLORA AS POZAS DE PRAIAS**







